

ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL



Vaia expresión!
E iso...que é?

ALFIN


ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL



Les os libros ao chou?
Empezas na páxina 112
contra o fin da folla?
Non, eh?
Aprendiches a extraer
a información.

ALFIN

ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL



A rede é coma un libro de
dimensións cósmicas ou
coma unha
superbiblioteca.
Centros de entradas,
miles de sitios...

ALFIN

ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL




A alfabetización
informacional
(ALFIN)

dá-nos pistas para procurar
a información na rede,
para aprender a busca-la e
non perdernos nos seus
labirintos.

ALFIN

ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL



Así que este pode ser o título:
*"De como facer un
traballo de 10
sendo un estudante
do XXI"*

ALFIN

TEN EN CONTA QUE



Os ordenadores procesan información, pero
A INFORMACIÓN NON É COÑECEMENTO

Non hai nada máis intelixente ca un ser humano;
LOGO TI ES O MÁIS INTELIXENTE QUE HAI

As máquinas len,
pero os humanos comprendemos:
INTENTA COMPRENDER

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN **QUE BUSCO?**



Información...sí, sí...
PERO CAL?

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN **DEPENDE**

ASEGÚRATE DE QUE
ENTENDICHES
QUE TIPO DE TRABAJO
AFRONTAS




ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

1

UN TRABAJO DE INVESTIGACIÓN?



Realízase unha investigación propia sobre o tema proposto, achegando os resultados que se obteñan ou ofrecendo novas perspectivas.

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

2

UN EXPERIMENTO?


Un estudo experimental describe o que acontece paso paso, compara os resultados con outras fontes e achega as conclusións que se acaden.

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

3

UNHA COMPILACIÓN?



Analízase a información
disponible sobre un
tema determinado nas
distintas fontes,
recapitúlase e ofrécese
unha opinión persoal
ao final.

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

**SE NON SABES POR
ONDE EMPEZAR,
PIDE ORIENTACIÓN
AO PROFESORADO
(BIBLIOGRAFÍA OU
EXEMPLOS QUE CHE
SIRVAN DE PAUTA)**

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa sei o que busco e agora...

ONDE?

(seleccionar as fontes)



Coidado con conformarse coa primeira entrada de Google e ollo coa información da Wikipedia; poden valer para unha primeira aproximación, pero se queres datos seguros vai a fontes seguras (páxinas de institucións académicas ou culturais recoñecidas, monografías de autores especializados, webs oficiais de autores...)

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa sei o que busco e agora...

QUE POÑO?

(Xestionar o volume de información)

1



Tes que escoller, se non,
has ser vello antes de
rematar o traballo!

Se saen MOITOS RESULTADOS,
usa as palabras máis relevantes,
frases en lugar de palabras...

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa sei o que busco e agora...

QUE POÑO?

(Xestionar o volume de información)

2



Se saen **POUCOS RESULTADOS**
quita palabras, pero mantén as
que acheguen maior nivel de
precisión.

ALFIN


PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa sei o que busco e agora...

QUE POÑO?

(Xestionar o volume de información)

3



INTEGRA TODO
TIPO DE FONTES

Non desbotes información en
ningún formato: arquivos de
audio, imaxes, vídeo...

ALFIN


PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa sei o que busco e agora...

QUE POÑO?

(Xestionar o volume de información)

4



ADAPTA AS FONTES ÁS DIMENSIÓNS
E NIVEL ACADÉMICO DO TRABALLO

Non escollas fontes moi especializadas
ou que che resulten inabarcábeis e
incomprensíbeis.

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa teño moita cousa...

VALE TODO?

(Como sei se o que atopei é de fiar)



1

Contrasta os datos obtidos en diversas webs valorando:

- ▶ a profundidade, actualidade e estruturación do tema.
- ▶ a reputación do autor ou autores, vendo se ten outros traballos en Internet.

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa teño moita cousa...

VALE TODO?

(Como sei se o que atopei é de fiar)



2

Contrastar os datos obtidos en diversas webs valorando:

- ▶ a institución á que pertence o autor.
- ▶ a entidade que acolle a súa web (institución académica, comercial, sen ánimo de lucro...)

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa teño moita cousa...

VALE TODO?

(Como sei se o que atopei é de fiar)



3

Contrastar os datos obtidos en diversas webs valorando:

- ▶ a razón de ser da páxina (propósito)
- ▶ a obxectividade (se a páxina distingue información de opinión)

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN

Vale, xa teño moita cousa...

VALE TODO?

(Como sei se o que atopei é de fiar)



4

Contrastar os datos obtidos en diversas webs valorando:

- ▶ a existencia de enlaces a outras páxinas complementarias e a calidade e vixencia destas.
- ▶ a existencia de bibliografía.

ALFIN

PROCURAR INFORMACIÓN **QUE CHULO!**



CÉNTRATE, NON PERDAS TEMPO

- Garda o interesante nunha carpeta ou en favoritos. Xa o lerás e valorarás máis tarde.
- NON DIVAGUES: se non ten relación co tema ou a relación é moi tanxencial, abandona esa vía.

ALFIN

XESTIONAR OS RECURSOS

AUTOMATIZA O RUTINARIO E DEDICA OS
TEUS ESFORZOS EN PENSAR NO
IMPORTANTE

- aprende a usar os navegadores, listas de distribución e grupos de noticias.
- aprende a baixar información da Rede: textos, imaxes, programas..., e a dominar os códigos de incrustación ou *embed*.
- se hai “plantillas” das que poidas servirte (PowerPoint, Publisher, Blogger...) non te poñas con florituras; o traballo non vai de manexar esas ferramentas (agás na clase de Informática), vai de contidos académicos. Iso si, recorda que a presentación CLARA E SINXELA será un punto ao teu favor.

ALFIN

ORGANIZAR A INFORMACIÓN



- ▶ Fai un esquema provisional do teu traballo dando unha estrutura á información que conseguiches.
- ▶ Recorda que calquera traballo ha de ter unha **portada**, un **índice** que dea conta das partes, capítulos ou apartados e unha **bibliografía** que recolla todas as fontes de información manexadas.

ALFIN

ORGANIZAR A INFORMACIÓN



Lembra tamén que un traballo escolar adoita ser un texto expositivo, o que implica que terá:

1

UNHA INTRODUCCIÓN

na que darás conta do tema e do que pretendes comunicar ou demostrar.

ALFIN

ORGANIZAR A INFORMACIÓN



2

UN CORPO

Para desenvolver o tema e ofrecer a información seleccionada e estruturada.

ALFIN

ORGANIZAR A INFORMACIÓN



UNHA CONCLUSIÓN

Onde resumirás o fundamental e darás, se procede, a túa opinión.

3

ALFIN

Diapositiva 27

- c9** onde resumirás o fundamental do traballo e darás, se procede, opinións ou valoracións persoais
compartida; 04/02/2014

ELABORAR O MATERIAL

Fai o **ESQUEMA DEFINITIVO**

1

- que modifique, aumente ou corrija o inicial ao fío do que fuches atopando.

ALFIN

ELABORAR O MATERIAL

Fai o **ESQUEMA DEFINITIVO**

- Que estea estruturado de forma recoñecíbel:
 - ▶ temática (temas e subtemas, puntos, apartados...)
 - ▶ cronolóxica (fases, períodos, etapas...)
 - ▶ criteriolóxica (económica, política, social, artística, filosófica...)

2

ALFIN

ELABORAR O MATERIAL

REDACTA

o texto básico da investigación e ilústrao con hipervínculos, imaxes, arquivos de texto, audio ou vídeo que sirvan para enriquecer a túa redacción; nunca para substituíla.

ALFIN

ELABORAR O MATERIAL

ANALIZA

o traballo de xeito rigoroso:

- non chega con copiar e pegar; debes ser **esixente e facer autocrítica**.
- a estrutura será **ordenada**.
- a redacción ten que ser **clara e precisa**.
- a exposición debe ser **equilibrada** (non te excedas nunha parte para deixar lagoas nas outras)
- revisa a **ortografía e a expresión** (relé todo o traballo) Os correctores e os tradutores automáticos están aí como axuda, pero **non pensan nin redactan por ti**.

ALFIN

COMUNICAR A INFORMACIÓN



1

DECIDE O FORMATO:

Presentación

Blog

Página web

ALFIN

COMUNICAR A INFORMACIÓN



2

Observa unha certa etiqueta

- se o teu traballo é interesante e orixinal, podes compartilo, indicando sempre a procedencia dos materiais alleos que inclúes.
- se o que vés de facer é un refrito, non contamines máis a Rede: xa hai moitos!

ALFIN

E, POR ÚLTIMO



AVALÍATE

Somete o teu traballo a xuízo

- Revisa os puntos fracos tanto do proceso como do resultado.
- Fai unha lista das habilidades que che faltan e das estratexias que che conviría adoptar no futuro.

ALFIN

NON TE DESANIMES

porque es humano
e, xa sabes...
errar é humano,
pero non hai nada
máis intelixente ca
un ser humano.

